



FORMACIÓN
PARA O
DESEMPEÑO
EXCEPCIONAL
DA FUNCIÓN DOCENTE



3. PRIMEIROS PASOS COMO DOCENTE



O MODELO DE COMPETENCIAS PROFESIONAIS DOCENTES

Esquema

1. Que é e que se pretende con este modelo?
2. Xestión intelixente
3. O Modelo
4. Saíndo fóra

O Modelo de Competencias Profesionais Docentes deséñase co ánimo de estruturar dun xeito máis holístico as necesidades formativas e a oferta que delas se desprende dentro da Rede de Formación do Profesorado. Con este Modelo preténdese definir en que ámbitos debe estar formado un docente, para poder delimitar así as necesidades e as oportunidades de mellora. Este proceso favorece igualmente a reflexión de todos os profesionais sobre a súa formación e sobre a repercusión desta na súa práctica diaria, iniciando un proceso de autoavaliación que agardamos sexa beneficioso para todas e todos.



Este Modelo pretende dar unidade, coherencia e sentido á formación do profesorado ao recoller e estruturar as competencias que un docente xa ten, arredor dunha serie de ámbitos de incidencia nos que estas se desenvolven. O nivel que deberá acadar en cada unha delas depende, entre outras cousas, das súas necesidades, intereses e do seu perfil profesional: se é de Infantil, de Secundaria, membro dun equipo directivo, orientador, se imparte linguas estranxeiras, etc.





1. Que é e que se pretende con este modelo?

O Modelo de Competencias Profesionais Docentes da Rede de Formación do Profesorado da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional pretende ser un modelo para que profesorado e persoas asesoras configuren a formación profesional permanente do docente, atendendo a todos os campos nos que este se deberá formar e estar actualizado.



Trátase dun documento elaborado a partir dun proceso de investigación e documentación profundo que recolleu información institucional (Recomendacións do Consello de Europa), estudos científicos e académicos ao respecto e propostas elaboradas noutros eidos e rexións.

A formación do profesorado non pode reducirse só á adquisición de coñecementos específicos da materia propia de cada docente, das TIC ou de lingua, senón que é preciso que a globalidade das súas funcións se vexa tamén reflectida nunha formación global que observe todos os seus perfís e competencias profesionais. A asunción dun modelo competencial de formación, tal e como se recolle neste documento, ten consecuencias en todo o proceso formativo.



MODELO COMPETENCIAL DA REDE DE FORMACIÓN

CAL É O SEU ÁMBITO DE INCIDENCIA E CALES SON?						
DE AULA	DE CENTRO	DE COMUNIDADE	GLOBAL	INSTRUMENTAIS		
EDUCADOR/A E GUÍA	MEMBRO DUN EQUIPO	INTERLOCUTOR/A E REFERENTE	INVESTIGADOR/A E INNOVADOR/A	ESPECIALISTA NA SÚA MATERIA	COMUNICADOR/A EN LINGUAS MATERNAS E ESTRANXEIRAS	COMPETENTE EN TIC
Uso das habilidades, coñecementos e ferramentas para xerar e motivar procesos de aprendizaxe no alumnado.	Organización e xestión do centro e colaboración na consecución de proxectos comúns.	Uso consciente das habilidades para promover un ambiente propicio e educativo na escola.	Aplicación de propostas innovadoras e prácticas educativas para a mellora e o desenvolvemento das competencias do alumnado e o servizo educativo.	Emprego e xestión do coñecemento curricular dunha especialidade e do coñecemento sobre educación.	Uso da linguaxe para a comunicación oral e escrita, interpretación da realidade e intercambio, nas linguas maternas e estranxeiras curriculares.	Uso seguro e crítico das TIC para o traballo, o lecer e a comunicación.





Neste vídeo descríbense esas múltiples facianas da profesión docente e a intencionalidade coa que foi desenvolvido o modelo.

<https://youtu.be/qaU2in2Pys8>

O modelo quiere:

1. Estructurar a oferta formativa dando cobertura a todos os perfís e funcións profesionais relacionados co desenvolvemento da docencia.
2. Ser base dun sistema de detección de necesidades formativas que atenda tamén a todos eses aspectos. Este sistema será implementado desde a perspectiva de cada docente considerado dun xeito individual así como do centro como receptor de formación contextualizada. Os resultados da súa aplicación dan lugar a unha oferta formativa personalizada e axeitada ao contexto específico.
3. Artellar a avaliación de eficacia da formación recibida.
4. Servir de ferramenta de reflexión e autoavaliación constante para o/a profesional docente, observando na súa práctica que aspectos están a ser desatendidos ou cales precisan ser desenvolvidos.
5. Estructurar a creación do itinerario formativo propio de cada docente a través das competencias profesionais e a superación de diferentes niveis en cada unha delas. Estes itinerarios definiránse tanto para o centro como colectivo como para o docente individualmente considerado.

2. Xestión intelixente

Grazas ao Modelo de Competencias Profesionais Docentes a busca de actividades na base de datos de formación FProfe realízase dun xeito moito máis transparente.

Cando te conectes a ela e premas no botón de busca de actividades verás inmediatamente unha escolla predefinida de cursos dirixidos especificamente ao teu perfil.





Tamén poderás facer a busca a través das competencias. Unha parte moi importante das formacións ofertadas son comúns a moitos ou todos os corpos e especialidades. A clasificación segundo o modelo valida o núcleo común de competencia docente e facilita a busca das actividades específicas de cada unha das competencias profesionais descritas nel.

Amais diso, serache posible ver o desenvolvemento do teu itinerario formativo persoal, configurando así o teu perfil competencial.

<https://youtu.be/O4sxJSI4x5U>

3. O Modelo

Tal e como recolle o documento do Modelo competencial, establécense catro competencias xenéricas de perfil que fan referencia á realidade actual do profesorado nun centro educativo:

AS COMPETENCIAS PROFESIONAIS DOCENTES

Modelo competencial da Rede de Formación
Departamento de Formación e Innovación do CAFI

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURAL, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

CAFI
centro autonómico
de formación e innovación

1. Educador/a guía no proceso de aprendizaxe e desenvolvemento do/a alumno/a
2. Membro dunha organización
3. Interlocutor/a e referente na comunidade educativa
4. Investigador/a e innovador/a

E se concretan tamén outras tres competencias instrumentais máis que as implementen e axuden a poñer e marcha:

5. Especialista na súa materia
6. Comunicador/a en linguas maternas e estranxeiras
7. Competente en tecnoloxías da información e a comunicación

Cada unha das sete competencias atopa unha realización concreta en dúas ou máis subcompetencias, tal e como podes ver na seguinte imaxe:





AS COMPETENCIAS PROFESIONAIS DOCENTES

XENÉRICAS DE PERFIL		INSTRUMENTAIS - TRANSVERSAIS		
		Especialista na súa materia	Comunicador/a en lingua materna e estranxeiras	Competente en TIC
AULA	Educador/a e guía no proceso de ensino-aprendizaxe	20. Coñecemento na área de Educación.	23. Destrezas comunicativas verbais e non verbais: técnicas e estratexias para o desenvolvemento e mantemento.	24. Software
CENTRO	Membro dunha organización	21. Coñecemento nas áreas, materias e módulos curriculares.		25. Dispositivos
		22. Xestión do coñecemento existente.		26. Ferramentas institucionais
COMUNIDADE EDUCATIVA	Interlocutor/a e referente			
CAMBIO	Investigador/a e innovador/a			

[Rede de Formación do Profesorado](#). Competencias e subcompenteicas do Modelo competencial da Rede de Formación

4.4. Saíndo fóra



COMMON FRAMEWORK

Erasmus+ project



Erasmus+



Como puidiches ver na introdución do documento do Modelo, a Unión Europea leva anos recomendando ás institucións e órganos lexisladores a creación de marcos competenciais para as diferentes profesións e especificamente tamén para a profesión docente.





Isto orixina unha multiplicidade de marcos e modelos adaptados aos diferentes contextos educativos e espallados por toda a xeografía europea. Aínda así parece lóxico retomar a idea do núcleo común de competencia profesional. Nel defínese unha escolma de competencias específicas da función docente en xeral. Esas competencias estruturan coñecementos, capacidades e actitudes comúns e relevantes independentemente da contorna socioxeográfica ou da etapa educativa na que se desenvolva a profesión. Esta escolma común a toda a profesión docente poderá ser complementada por características concretas segundo a especificidade do posto a desenvolver.

Tendo esta imaxe de prototipo docente presente, o CAFI solicita financiación europea no marco do programa Erasmus+ para abordar este proxecto de elaboración dun Marco Común de Competencias Profesionais Docentes coa colaboración de cinco socios internacionais.

Para máis información sobre este proxecto podedes consultar as seguintes ligazóns:

- Páxina do proxecto: <http://www.edu.xunta.gal/centros/erasmusplusmccpd/>
- Bitácora do proxecto: <https://eumccpd.blogspot.com.es/>
- Twitter: [@EUmccpd](https://twitter.com/EUmccpd)

